

Aurora Marco | Presenta hoxe en Afundación o seu ensaio 'Elas', que recopila vidas de mulleres galegas ao longo da historia

"Un libro sobre o devir das galegas non pode esquecer ás represaliadas"

"Xunto 400 biografías; desde unha peregrina do século IV a actrices do XVIII ou historias inéditas de armadoras de Noia"

Enrique Carballo
ACORUSA

Aurora Marco, catedrática ata hai pouco de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, centra os seus ensaios na historia das mulleres galegas. Hoxe presenta en Afundación ás 12.30 horas *Elas*, unha compilación de biografías femininas ilustrada por oito artistas galegas.

-Cantas biografías inclúe?

-Algo máis de 400. Case todas son mulleres nacidas en Galicia, pero tamén hai mulleres de ascendencia galega que pensaron sempre na terra dos seus pais, como a xornalista e escritora cubana Mercedes Vieito. E inclúe mulleres nacidas fóra pero ligadas a Galicia, como a estremella Carmen Muñoz, muller de Rafael Dieste.

-Que período abarca *Elas*?

-A primeira muller que aparece é Exeria, unha peregrina do século IV que viaxou á Terra Santa e relata a viaxe no seu libro *Itinerarium*. Chega ata 1975.

-Por que finaliza ese ano?

-Foi un punto de partida importante para a historia das mulleres. Pela morte de Franco, a proclamación do ano internacional das mulleres, e do decenio de Nación Unidas das mulleres. E tamén pola emergencia do movemento feminista, a transición política e a democracia.

-Que exemplos atopa de mulleres relevantes no pasado?

-Por exemplo, Sancha Pérez, unha comerciante de tecidos do Mondoñedo do século XIV. Ou a impresora e librera da Compostela do século XVI Beatriz López.



A ensaísta Aurora Marco. | GONZALO NÓÑEZ

Outra mindoniense do século XVII, Manuela Escamilla, foi actriz, cantante e directora dunha compañía de teatro e percorreu Madrid, Zaragoza, Cádiz, Valencia...

-Había entón mulleres no ámbito da economía?

-Sí, sí. Xa no século XVIII temos a María Pinto, que representaba aos fraíres franciscanos de Noia nas súas compras, vendas e preitos. É salientable porque as mulleres daquela non tiñan personalidade civil e para calquen acto precisaban da autorización do seu home. Recollían historias a partir de fontes escritas, pero tamén teñían casos inéditos que investiguei a través de fontes orais, como o ca-

so de días armadoras de Noia: Teonila e Carmen Pérez. A primeira quedou viúva en 1927 e sacou adiante o negocio familiar, e ata montou unha fábrica de madeiras. Carmen fixouse cargo da empresa familiar, Navales Barcia, en 1941. Foi unha das empresas más potentes do sector da cabotaxe.

-E no ámbito do arte?

-Entre outras, inclúo una pionera con estudio en Vigo que foi unha pioneira na fotografía, Cándida Otero. Ou a filla de Rosalía de Castro, Alejandra Murguía, debutante, pintora e aficionada á música. Colaborou con Casto Sampedro na recollida de música tradicional oral. Se non fose pola

dedicación á familia, tería desenvolvido a súa actividade de forma máis intensa.

-Ten un libro sobre as mulleres na luta antifranquista en Galicia. Está tamén presente no libro?

-Claro. Recollo historias de mulleres exiliadas e guerrilleiras antifranquistas, como as da familia Alvarez. E un libro que recolla o devir das mulleres non podería esquecer nunca ás mulleres represaliadas. As mulleres foron un factor fundamental no mantemento do maquis, unha ayuda inestimável como enlaces ou colaboradoras no monte.

-Como foi a evolución do papel social da muller?

-A muller sempre estivo discriminada. Na Idade Antiga e Media as mulleres estaban custodiadas. Mientras estaban casadas axudaban ao seu home, e cando quedaban viúvas, para seguir co negocio, tiñan que casar con outro do gremio ou deixar que os fillos se fixaran cargo. Coa Ilustración começaron a escribir e a ter máis acceso á cultura, mais as mulleres do común tiñan menos posibilidades de facelo. Neste tempo había mulleres en todos os traballo, pero as súas historias ficaron no anonimato. Houbo que sacalas á luz.

-Como foi a colaboración coas artistas que ilustran a obra?

-Sen coñecer ás artistas, nin ter falado entre nós, conseguiron captar perfectamente o espírito que lle quixen dar a este libro; o de visibilizar ás mulleres, reivindicá-las. A través dos piaceis reflectiron perfectamente o que eu fixen a través das palabras. É unha relación moi boa entre escrita e plástica.

-Vostede ten dito que é necesaria unha discriminación positiva para o galego. Cre que é necesaria para acadar a igualdade?

-Ten sido moi boa nalgúns casos, pero máis que iso reclamo unha igualdade real e efectiva. Non que a igualdade quede nos papeis, como pasa agora. Mientras non existan reitoras, presidentas do Goberno, directoras de xornais, mentres as mulleres cobren menos no traballo, engrosen as filas do paro máis que os homes... Non existirá a igualdade real. É existir o que nos corresponde, porque somos a metade da humanidade.